



DATOS IDENTIFICATIVOS

Práctica Mercantil

Materia	Práctica Mercantil			
Código	P04M110V01104			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía-Pontevedra			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Carballo-Calero, Pablo Ignacio			
Profesorado	Estévez Bouzas, Alejandra M ^a Fernández Carballo-Calero, Pablo Ignacio Tato Plaza, Anxo			
Correo-e	pcarballocalero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B5	Capacidade de traballar en equipo e coordinar grupos de traballo
B6	Comportarse de forma ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional
C8	Saber identificar os requirimentos de prestación e organización determinantes para o asesoramento xurídico.
C10	Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.
C13	Saber expoñer de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedemental.
C14	Saber desenvolver traballos profesionais en equipos específicos e interdisciplinares.
D1	Capacidade de síntese e análise.
D2	Capacidade de xestión da información

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Desenvolver destrezas e habilidades para a elección da estratexia correcta para a defensa dos dereitos dos clientes tendo en conta as esixencias dos distintos ámbitos da práctica profesional.	B5 B6 C8 C10 C14 D2
Saber expor de forma oral e escrita feitos, e extraer argumentalmente consecuencias xurídicas, en atención ao contexto e ao destinatario ao que vaian dirixidas, de acordo no seu caso coas modalidades propias de cada ámbito procedimental.	A4 B5 B6 C8 C13 D1 D2

Contidos

Tema	
*I. Estatuto do empresario:	1.- A protección dos elementos patrimoniais da empresa: trámites rexistras e recursos. 2.- As accións en competencia desleal. 3.- O procedemento ante os órganos de defensa da competencia. 4.- Accións en materia de condicións xerais da contratación. 5.- Procedemento de reclamacións de consumo.
II. Dereito de sociedades:	1.- Calificación rexistral: recursos. 2.- Problemática xurisprudencial da doutrina do levantamento de velo. 3.- Órganos sociais: convocatoria, constitución, actas. 4.- Impugnación de acordos sociais: procedemento. 5.- Responsabilidade dos administradores: procedemento.
III. Contratación mercantil e Títulos valores:	1.- Efectos mercantís: execución dos títulos valores. 2.- Elaboración de contratos mercantís: principais clausulados e problemática xurisprudencial relativa os contratos atípicos. 3.- Operacións de comercio exterior: aspectos xurídicos. 4.- Protestas en materia de transporte: procedemento. 5.- Contratación con consumidores: medidas tuitivas e mecanismos de reclamación.
IV. Dereito concursal:	1.- Declaración de concurso: trámites e procedemento. 2.- A administración concursal: organización. 3.- A Fase común: efectos. Informe concursal: impugnación. 4.- Solución do concurso: procedemento en caso de convenio e liquidación. 5.- Calificación, conclusión e reapertura do concurso.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	24	51	75

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	O alumno presentará un informe sobre un material previamente especificado polo docente ou ben realizará un caso práctico. Ademais, realizará unha proba tipo test sobre a materia proposta polo docente

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	O alumno poderá resolver as súas dúbidas pódose en contacto cos docentes a través dos mecanismos que estes especifiquen

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Seminario	Avaliación continua: 20%	100	A4	B5	C8	D1
	Proba tipo test: 40%			B6	C10	D2
	Proba práctica relativa ao estudo de casos: 40%				C13	
					C14	

Outros comentarios sobre a Avaliación

"Para ter dereito a ser avaliado polo sistema de avaliación continua, o alumno deberá asistir, polo menos, a un 75% das clases presenciais.

- Primeira oportunidade de examen: 1. - Os alumnos que se someten a avaliación continua serán avaliados conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: resultado da avaliación continua (20%), proba tipo test (40%), proba práctica relativa ao estudo de casos (40%). 2. - "Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade" polo resultado obtido "nun exame final, que

consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia,"
- Segunda oportunidade de examen:1. - No exame de xullo os alumnos que se someteran ao sistema de avaliación continua conservarán a nota que obtiveran no curso. 2. - "Para os alumnos que non se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema a súa cualificación estará integrada na súa totalidade" polo resultado obtido "nun exame final, que consistirá nunha proba teórico-práctica, que terá que defenderse ante un tribunal integrado por tres profesores da materia".

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sánchez Calero, F - Sánchez Calero Guilarte, J, **Principios de Derecho Mercantil, Vol. I y II**, Última Edición,

Jiménez Sánchez, G, **Lecciones de Derecho Mercantil**, Última Edición,

Vicent Chuliá, F, **Introducción al Derecho Mercantil**, Vol. I y II, Última Edición,

Bercovitz Rodríguez-Cano, A., **Apuntes de Derecho Mercantil**, Última Edición,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modificarán as metodoloxías.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas[]) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.